




FORO
CULTURAL



**SE FAS CULTURA,
TES QUE ESTAR EN CULTURAL**

ESTRATEGIAS DESDE A PERIFERIA
OPORTUNIDADE DIXITAL
UN ESPAZO DE EXPERIMENTACIÓN COLECTIVA

2-3 DECEMBRO 2011 PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA



INTRODUCCIÓN

Culturgal é unha oportunidade única para que os profesionais da cultura de Galicia compartan as súas inxerencias, proxectos e ideas. Un espazo privilexiado no que construír un novo escenario a partir da sabedoría atesourada por cada un deles. Ademais, a creatividade e a innovación son parte esencial da nosa cultura e, como tales, son tamén motor permanente do cambio social, económico e territorial. Unha industria cultural forte e unida, capaz de converter as ameazas en oportunidades, será tamén un referente de futuro para o conxunto da sociedade. O Foro Culturgal nace coa vocación de converterse nese referente, unha cita imprescindible que actúe como catalizador sectorial e, dalgún xeito, como punto de inflexión colectiva. Terá lugar os días 2 e 3 de decembro no Pazo da Cultura de Pontevedra, de xeito simultáneo á Feira das Industrias Culturais e para asistir será imprescindible inscribirse previamente.

FORO CULTURAL 2011: O CAMBIO DE MODELO

Atopámonos nun momento crucial para as industrias culturais en Galicia. A crise económica afecta ao sector na mesma medida na que afecta ao conxunto da sociedade. As administracións reducen os seus investimentos, a lingua perde presenza política e social e internet e os soportes móbiles continúan a mudar de maneira drástica non só a maneira de consumir cultura, senón tamén as relacións que se establecen entre a creación, a produción e o consumo cultural. Todo isto debuxa unha contorna cambiante, na que se fai necesario un elemento vertebrador que facilite que os distintos axentes do sector poidan compartir proxectos, difundir ideas e imaxinar novos mercados.

O cambio de modelo que afectou primeiro á música, mudando en poucos anos e para sempre o xeito de acceder aos contidos musicais, xa chegou ao conxunto das industrias creativas do mundo. No momento actual, a industria dos produtos culturais diferenciados por sectores, soportes e canles de venda está evolucionando cara á industria dos contidos culturais, onde os soportes son compartidos e as canles tenden á converxencia e á globalidade. Incluso as artes escénicas e o conxunto das artes vivas están chamadas a buscar o seu oco nestas canles e soportes, aproveitando as oportunidades que lles ofrecen de achegarse ao público dun xeito máis directo e económico. Afrontar esta nova realidade con valentía e tentar

obter dela o máximo rendemento económico e creativo non significa desbotar a importancia que ten e terá sempre o produto cultural dentro da nosa sociedade. Trátase de camiñar cara a un modelo mixto de explotación, aproveitando ao máximo as posibilidades de ampliación e de diversificación de mercados que implican estas novas ferramentas.

Para avanzar por este camiño, non é tan interesante debater sobre soportes, formatos, canles e hardware como establecer estratexias conxuntas con respecto a cuestións transversais fundamentais, como a visibilidade e a comunicación co público. Dúas cuestións centrarán o debate: estratexias desde a periferia e a oportunidade dixital.

Estratexias desde a periferia

O sector concorda en que a supervivencia da industria cultural galega depende da súa capacidade para atopar o seu oco no mundo. Hai casos de éxito, dentro e fóra de Galicia, nos que inspirarse para afrontar este reto, converténdose en protagonistas da evolución do modelo de negocio cultural e empregando as novas ferramentas e posibilidades para conquistar novos mercados. No Foro Cultural, coñeceremos proxectos inspiradores que afondaron na súa relación co territorio e coas súas singularidades para diferenciarse no escenario global. E farémolo da man dos seus protagonistas. Ferdinand Richard, director de A.M.I. de Marsella, falará de innovación cultural, desenvolvemento local e redes de cooperación internacional; Cristina Fuentes, directora internacional de Hay Festival para España e Latinoamérica, exporá as claves do éxito dese certame literario que converteu unha pequena vila galesa no celme da creatividade global; Luís Fernandes explicará a súa experiencia como coordinador xeral da asociación D'Orfeu de Águeda

(Portugal); e Julio Gómez chegará a súa experiencia en proxectos desenvolvidos dende a compañía galega [Sinsalaudio](#).

Aprenderemos que para levar a cabo estes proxectos é importante coñecer tamén as novas formas de relación que se establecen actualmente entre os proxectos culturais e as marcas patrocinadoras. Estudaremos, da man de Juan Paz ([Estrella Galicia](#)), Roberto Carreras ([Novaemusik](#)) e os responsables do [I Encontro Economía e Cultura](#) que se celebrará en febreiro na Cidade da Cultura novos modelos de patrocinio que superan a relación de verticalidade que tradicionalmente se establecía entre a economía e a creatividade para construír equipos de traballo conxuntos, baseados nos intereses mutuos e no máximo aproveitamento das sinerxias. Neste sentido, Alberto García, de Nova xestión cultural, e Fátima Rodríguez, de Promove, ofrecerán o Conectando con outros sectores económicos: alternativas para o sector cultural no que animarán ás persoas participantes a explorar novos mercados para a industria cultural.

O Foro Cultural tamén amosará algúns xeitos alternativos de abordar o financiamento de proxectos culturais, como o microfunding, o crowdfunding, o crowdsourcing ou as roldas de financiamento para start-ups, para o que contaremos coa presenza de Joan Sala, de Verkami; Nicolás Alcalá, de [El Cosmonauta](#); ou Frankie Gómez, de Confirmsign e Lacon Network.

A oportunidade dixital

As persoas que asistan ao Foro Cultural conversarán con figuras de éxito que defenden con firmeza as oportunidades que achega a contorna dixital ao sector cultural, como é o caso

paradigmático do xornalista e escritor Juan Gómez Jurado, que baixo o provocativo título de “A piratería non existe” nos ofrecerá cinco suxestivas propostas para o crecemento dixital. Neste sentido, Roberto Carreras ofrecerá un obradoiro no que dará as claves necesarias para deseñar estratexias para conectar co seu público na rede, dende a construción dunha identidade dixital ata o deseño e execución dun plan de comunicación 2.0. que optimice as posibilidades que ofrecen as redes sociais.

As persoas que asistan ao Foro Cultural coñecerán tamén a fondo as novas tendencias no acceso da cidadanía aos contidos culturais, especialmente o funcionamento das canles de acceso en streaming e baixo demanda, e aproxímanse á converxencia multisectorial das novas vías de comercialización cultural. O foco estará sempre no máis práctico e próximo e intentará responder fundamentais para o futuro do sector, como: Como podemos empregar as canles dixitais para conectar cos seguidores e ampliar o noso público? Hai modelo de negocio para pequenos catálogos das periferias? Existen casos de éxito? Como facer para introducir contidos nestas canles? E para rendibilizalas? As respostas daránolas, entre outros, Alfonso Martínez, de [R](#); Paula Cons, de [Wecoop.tv](#); Álex Samaranch, de [KOOMIC](#); Fernando Luaces, de [Altafonte](#); Ana Medina, de [Herzio](#); Xesús Ron, de [Redenasa.tv](#); e María Yáñez, de [A Navalla Suíza](#).

En Galicia hai proxectos que empregan soporte dixital para levar contidos imaxinados e producidos no país ao público global. Coñeceremos tamén casos de éxito na internacionalización de proxectos, entre outros, os casos de OQO, da man [Eva Mejuto](#); Mare, con Patricia Hermida; [Katarsis Educación e Teatro](#), con Carolina Ramos; e [Berrogüetto](#), con Beatriz Fontán. E conversaremos con elas sobre experiencias, oportunidades, consellos, necesidades...

UN ESPAZO DE EXPERIMENTACIÓN COLECTIVA

O debate público será continuo e intenso, pero o Foro Culturalg é sobre todas as cousas un espazo de experimentación colectiva no que os distintos sectores da industria cultural poden compartir as súas experiencias, os seus fracasos e as súas vitorias, e trazar estratexias de futuro que lles permitan unir as súas forzas alá onde sexa posible.

Máis alá dos formatos de intercambio de opinións máis ou menos convencionais, Culturalg quere crear un espazo de intercambio real de experiencias, de aprendizaxe e reflexión, pensado para favorecer o establecemento de relacións multisectoriais que poidan desembocar novos proxectos e colaboracións coparticipados por axentes dos distintos eidos da cultura. Para afrontar este reto crucial, Culturalg organizou dous obradoiros e catro sesións de traballo sectorial, converteu os xantares nunha oportunidade para o encontro e habilitou diversas áreas e mecanismos para establecer encontros informais entre os profesionais do sector e os participantes no Foro.

As persoas que queiran asistir ao obradoiro sobre cómo explorar novos mercados para a industria cultural que impartirán Alberto García, de Nova xestión cultural, e Fátima Rodríguez, de Promove, o venres pola mañá ou ao

taller sobre comunicación corporativa e construción de marcas culturais nunha sociedade dixital que dirixirá o sábado pola mañá Roberto Carrera, experto consultor de Comunicación, Marketing e Estratexia online, deben solicitar canto antes a súa praza, ben a través do mail foro@culturalg.com, ben cubrindo o seguinte formulario:

<http://www.ticketea.com/foro-culturalg-2011>. Só hai 20 prazas para cada un destes obradoiros, que se irán cubrindo a medida que cheguen as solicitudes.

Ademais, as persoas inscritas ao Foro que desexen reunirse con algún outro asistente ou poñente poden poñerse en contacto coa organización a través do correo foro@culturalg.com e solicitar a xuntanza.

Finalmente, o Foro Culturalg pon o acento nos Xantares como momento de comunicación e de creación de lazos entre as persoas. Consciente da súa importancia como punto de encontro, a organización ofrécelles ás persoas que participen no Foro a posibilidade de xantar no recinto co resto dos profesionais acreditados e habilita, incluso, unha serie de mesas temáticas, pensadas para fomentar a conversa entre profesionais de distintos sectores. O menú corre a cargo de Airas Nunes, que ofrecerá un buffet libre e fresco cada día, con variadas opcións de saladas, arroces, peixes e carnes cun prezo razoable: 11,50€ por persoa e día con bebida, pan, sobremesa e café incluídos. As persoas interesadas en participar deben solicitar a súa praza antes do día 25 de novembro a través do seguinte formulario: <http://www.ticketea.com/foro-culturalg-2011>

PROGRAMA



FORO CULTURAL

Venres 2

10h00 Conferencia inaugural. Ferdinand Richard: *Construíndo redes internacionais dende proxectos locais*. No Estudio

11h00 TEDxGalicia no Culturgal. *A cultura pensada para a cidadanía e o territorio*. Con Cristina Fuentes, Luís Fernandes e Julio Gómez. Coordina Marcos Pérez. No Estudio

12h00 Acto inaugural. No Salón

12h00 Recursos para programadores. Coa AGPXC. No Obradoiro

13h00 Cafés Encontros. Na Cociña

13h00 Obradoiro: *Conectando con outros sectores económicos: alternativas para o sector cultural*. Con Alberto García e Fátima Rodríguez. No Obradoiro

13h00 Demostración: Own the way - OTW 360°. Información, vinculación e xestión integral dos visitantes a un espazo turístico ou cultural. No Garaxe

13h00 Encontro GZ-PT. Na Cociña

13h30 Demostración: iBeakens. Acceso a información multimedia cultural e turística desde móbiles de nova xeración a través de códigos QR e tecnoloxía NFC. No Garaxe

14h00 Demostración: Orama. Ferramenta para a promoción de

actividades de ocio e cultura específica para móbiles de nova xeración. No Garaxe

14h30 Xantares de Culturgal. Na Cociña

16h30 *Novos xeitos de traballar na cultura*. Unha introducción ao I Encontro Economía e Cultura. Con Uqui Permui, Pepe Solla e Pepe Vieira. Coordina Marcos Lorenzo. No Estudio

17h30 *Construíndo relacións entre marcas e patrocinios*. Con Roberto Carreras e Juan Paz. No Estudio

18h30 *O financiamento de proxectos. Olladas alternativas*. Con Joan Sala e Frankie Gómez. Coordina Natalia Balseiro. No Estudio

Sábado 3

10h00 Conferencia de Juan Gómez Jurado. *A piratería non existe. 5 propostas para o crecemento dixital*. No Estudio

11h00 *Estratexias na contorna dixital*. Unha conversa entre profesionais que apostan por novos vieiros dixitais. Con Nicolás Alcalá, Ana Medina e Xesús Ron. Coordina María Yáñez. No Estudio

12h00 Encontro Asociación Músicos ao Vivo. Con Manuel Alonso, Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez e Manuel Cebrián. No Obradoiro

13h00 Cafés Encontro. Na Cociña

13h00 Obradoiro: *Comunicación corporativa e construción de marcas culturais nunha sociedade dixital*. Con Roberto Carreras. No Obradoiro

13h00 Obradoiro: *Estratexias na rede para grupos musicais*. Con Ana Medina. No Obradoiro

13h00 Demostración: Aplicacións da Unidade de Realidade Virtual do CIS Ferrol. No Garaxe

14h30 Xantares Culturgal. Na Cociña

16h30 Encontro Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación. No Obradoiro

16h30 *Canles de distribución de contidos: os novos puntos de encontro*. Con Alfonso Martínez, Paula Cons e Álex Samaranch. Coordina Fernando Luaces. No Estudio

17h30 Proxectos dixitais galegos. No Estudio

18h30 Saíndo do telón de gregos. Con Eva Mejuto, Patricia Hermida e Carolina Ramos. Coordina Beatriz Fontán. No Estudio

Domingo 3

13h00 Encontros GZ – BR. Na Cociña

14h30 Xantares Culturgal. Na Cociña

INFORMACIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES

VENRES 2

10h00

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra

Ferdinand Richard: *Construíndo redes internacionais dende proxectos locais*
Ferdinand Richard é un pioneiro na innovación cultural. Hai 25 anos fundou o centro A.M.I. en Marsella e dende entón está involucrado en numerosas iniciativas de desenvolvemento local. O seu traballo vese fortalecido coa colaboración a través de redes internacionais, como a comisión Agenda 21 for Culture da UCLG (United Cities and Local Governments). Richard achegaranos a súa experiencia no desenvolvemento de propostas empresariais e culturais cunha especial relación co territorio e, ao mesmo tempo, amosaranos metodoloxías e oportunidades para a creación e a financiamento de redes como Sostenuto, un proxecto Interreg da UE que promove a importancia das iniciativas culturais como motor innovador das economías rexionais.

11h00

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra

TEDxGalicia no Culturgal. *A cultura pensada para a cidadanía e o territorio*
Cristina Fuentes, directora internacional de Hay Festival para España e Latinoamérica; Luís Fernandes, coordinador xeral da asociación D'Orfeu de Águeda; e Julio Gómez, un dos responsables da empresa galega Sinsalaudio, compartirán coas persoas asistentes ao Foro Culturgal algunhas claves sobre proxectos culturais cunha especial relación con espazos singulares, co territorio e coa cidadanía. Farano baseándose na súa propia experiencia en proxectos nados en territorios periféricos, lonxe dos grandes núcleos urbanos, que conseguiron converterse en axentes dinamizadores e que, ademais, actúan como foco de proxección exterior dos seus territorios, grazas ao prestixio das súas propostas. A sesión terá un formato dinámico e inspirador, o das charlas de 18 minutos ideadas pola organización sen ánimo de lucro TED, adicada a inspirar e a difundir ideas a través da rede.

13h00

no Obradoiro

Novos camiños para desenvolver proxectos
Alberto García, de Nova xestión cultural, e Fátima Rodríguez, de Promove, animarán ás 20 persoas que participen neste obradoiro a explorar novos mercados para a industria cultural. Onde e como buscar novos clientes? Que outros sectores produtivos poden precisar servizos creativos... e teñen cartos para pagalos? Cales son os socios que nos poden axudar a abrir novos mercados? Como se constrúe un proxecto para empresas doutro sector? Hai algún caso de éxito no que inspirarse? Estas son algunhas das preguntas que responderán

as persoas asistentes a este obradoiro de economía e cultura que explora novas conexións da industria cultural con sectores cos que ata o de agora non era habitual traballar. O achegamento aos contidos será eminentemente práctico e as prazas son limitadas. As persoas interesadas en participar, deben solicitar a súa praza ben a través do mail foro@culturalgal.com, ben cubrindo o seguinte formulario: <http://www.ticketea.com/foro-cultural-2011>

13h00

no Garaxe

Novas tecnoloxías aplicadas a proxectos culturais

Own the Way fará unha demostración das formas de comunicar e interactuar entre un xestor turístico co visitantes dos seus espazos. A xeorreferenciación, o vídeo, o audio, a realidade aumentada, a fotografía, as redes sociais, os idiomas, as tecnoloxía móbil, a actualización constante... todo elo son aspectos a ter moi en conta nos novos tempos. Neste contexto, o xestor enfróntase ao paradoxo de situarse en liña coas novas formas de acceso á información e consumo de bens e contidos culturais fronte á necesaria eficiencia que os orzamentos minguantes imponen. Como resposta a estes retos, Own the way, empresa especializada na creación de material tecnolóxico-audiovisual, presentaranos a ferramenta para dispositivos portátiles OTW 360°.

Nunha liña parecida e complementaria está Ibeakens, unha nova ferramenta de difusión de contidos multimedia a través de dispositivos móbiles, pensados para áreas de actividade como museos, turismo, audiovisual ou centros de interpretación. Os seus obxectivos principais son a posta en valor do patrimonio natural e cultural

a través da difusión por medio de novos soportes accesibles a todo tipo de usuarios.

Orama é unha aplicación para dispositivos móbiles que basea o seu funcionamento en dous conceptos clave: o xeoposicionamento e todas as posibilidades que ofrece a realidade aumentada. As entidades programadoras de actividades poden enviar a información actualizada da súa programación a Orama, que a introduce no sistema para que estea dispoñible nos terminais dos usuarios. Estes pola súa banda, poderán acceder en todo momento á información e horarios das actividades.

14h30

Na Cociña. Xantares de Culturalgal

O xantar é seguramente o mellor momento para contrastar ideas e estreitar relacións con outras persoas que comparten esforzos, ilusións, dificultades e obxectivos. É o momento tamén de recuperar forzas ou de charlar ao redor dunha boa mesa. Por iso, Culturalgal proponlles ás persoas que participen no Foro que se queden a xantar co resto dos profesionais acreditados.

Ofrecemos un buffet libre e fresco cada día, con variadas opcións de saladas, arroces, peixes e carnes. Todo coa garantía de calidade de Airas Nunes e cun prezo razoable: 11,50€ por persoa e día con bebida, pan, sobremesa e café incluídos. Dentro destes Xantares, Culturalgal ofrece ademais a posibilidade de participar en mesas temáticas, pensadas para establecer novas relacións entre profesionais de distintos sectores.

As persoas interesadas en participar deben solicitar a súa praza antes do día 25 de novembro cubrindo o seguinte formulario:

<http://www.ticketea.com/foro-cultural-2011>

16h30

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra

Unha introducción ao Encontro Internacional Economía e Cultura

A Cidade da Cultura prepara para febreiro de 2012 un encontro sobre os lazos que se poden establecer entre o sector cultural e o capital público e privado doutros sectores. Pode a industria creativa poñerse ao servizo doutras industrias? Como? A modo de petisco do que se verá no I Encontro Economía e Cultura, a Cidade da Cultura achéganos un caso de colaboración exitosa, o proxecto Rías baixas, territorio gastronómico que o estudo Uqui|||cebra desenvolveu para a Deputación de Pontevedra e no que conflúen cultura, territorio, imaxe, turismo, fotografía, deseño, gastronomía... ao servizo dun territorio. Falarán do proxecto os seus protagonistas, a deseñadora Uqui Permui e os cocineiros Pepe Solla e Pepe Vieira (membros do grupo Nove). O mestre de cerimoniais será Marcos Lorenzo, axente promotor do encontro.

17h30

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra

Construíndo a relación entre marcas e patrocinios

As marcas buscan contidos que as acheguen ao público e as industrias culturais buscan clientes privados. A resposta está no branded content, na busca de sinerxias reais entre marcas e contidos. Que lles pode ofrecer a industria musical ás grandes marcas? E a audiovisual? Que buscan as marcas nas industrias creativas? Roberto Carreras e Juan Paz contestarán a estas e outras preguntas que poden axudar a construír pontes entre a cultura e as marcas comerciais. Juan Paz é brand manager de 1906 (Estrella Galicia), ademais dun apaixonado do jazz. Roberto Carreras é socio fundador de

Novaemusik, empresa de xestión e desenvolvemento de novos modelos de negocio na industria musical, ademais de profesor universitario e experto consultor de comunicación, márketing e estratexia online, campo no que sobre todo ten colaborado con grandes compañías. Entre outros proxectos, Carreras é o responsable de El Plan B, o exitoso caso de branded content que uniu os pasos de Carlos Jean e Ballantines.

18h30

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra

Olladas alternativas ao financiamento de proxectos culturais

O financiamento dos proxectos é o talón de aquiles de moitos creadores, sobre todo, cando as vías de obtención de recursos empezan a escasear. Por iso é importante buscar vías alternativas de financiamento. Joan Sala, de Verkami, explicaranos que é iso do crowdfunding e como podemos facer un uso eficiente desta opción de captación social de recursos. Tamén nos achegaremos a termos tan coñecidos polos promotores de start-ups tecnolóxicas como descoñecidos para o resto do sector: business angels, venture capital ou fondos de capital risco son algunhas das modalidades que nos explicará Frankie Gómez, director de ConfirmSign e un dos principais responsables de LaconNetwork, cita por excelencia para o encontro de profesionais TIC galegos. A pesar do éxito dos seus proxectos, Frankie conserva unha aceda visión sobre as canles de captación de recursos. Finalmente, coñeceremos experiencias de financiamento de proxectos en Brasil, deténdonos especialmente no funcionamento da súa Lei de Mecenazgo, unha das grandes eivas no estado español para a captación efectiva de recursos privados. A conversa estará conducida por Natalia Balseiro,

que leva máis de 10 anos traballando no eido das artes escénicas e a cultura en diferentes proxectos e entidades, como o Concello de San Sadurniño, a Rede Nacional de Teatro ou o Centro Coreográfico Galego, do que foi directora. Actualmente traballa como freelance no eido da enxeñaría cultural para diferentes estruturas e entidades do Estado e coordina o Encontro Internacional de Danza MOV-S 2012.

SÁBADO 3

10h00

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra

Juan Gómez-Jurado: *A piratería non existe – 5 propostas para o crecemento dixital*

Juan Gómez-Jurado é un xornalista e escritor español afincado en Compostela, autor de sentencias tan polémicas como «a piratería non existe» ou «mellor vender cen mil copias a un euro que mil copias a dez». Con tres obras publicadas e 3 millóns de lectores en 42 idiomas, Juan Gómez-Jurado é un defensor entusiasta da oportunidade que supoñen para os autores as novas canles de distribución de contidos culturais. Fala de monetizar o esforzo de edición e distribución de contidos a través de novos modelos, de experimentar con economías de escala, de valorar ao público, de coñecer o novo cidadán dixital e de achegarse a el coas súas mesmas claves. E parte do seu propio uso intensivo e militante da web, combinado coa distribución das súas obras a través dunha editora convencional, para defender un achegamento constructivo a modelos de convivencia na rede.

11h00

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra

Estratexias no entorno dixital

El Cosmonauta é unha película española de ciencia ficción que empregou un nuevo modelo de financiamento, produción e distribución, aproveitando en toda a súa dimensión as ferramentas de comunicación dispoñibles: Internet, redes sociais, comunidades e móbiles. Recoñecida como a primeira longametraxe que emprega o crowdfunding e licenzas Creative Commons, El Cosmonauta está a piques de estrearse e o seu director, Nicolás Alcalá, achegaranos as claves da súa experiencia, especialmente no que respecta á estreita relación que estableceron co público en todo en todo o proceso de desenvolvemento do proxecto. Xunto a el estará Xesús Ron, que nos explicará que as artes escénicas tamén lle poden sacar valor á rede, baseándose na experiencia de redenasa.tv, un exemplo de que os contidos escénicos poden superar as barreiras do teatro físico. A conversa estará conducida por María Yáñez, xornalista, editora e guionista lucense con máis de dez anos de experiencia en proxectos na rede, no audiovisual e no xornalismo impreso que actualmente desenvolve o seu traballo dende A navalla suíza, da que é socia fundadora.

12h00

no Obradoiro

Encontro Asociación Músicos ao Vivo
Charla informativa sobre a contratación dos músicos en espectáculos públicos. A Asociación de Músicos ao Vivo falará do movemento asociativo en Galicia, o estatus legal dos músicos e o tipo de contratacións que se están facendo neste momento. Na presentación de esta charla, que procura principalmente ser útil para os artistas, participarán

Manuel Alonso, Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez, Manuel Cebrián.

13h00

no Obradoiro

Construíndo a presenza na rede de proxectos culturais

Obradoiro de prazas limitadas, impartido por Roberto Carreras, experto consultor de Comunicación, Marketing e Estratexia online. Profesor colaborador da UOC e da Universidade de Alcalá de Henares, é tamén socio fundador de Novaemusik, empresa de xestión e desenvolvemento de novos modelos de negocio na industria musical. As persoas interesadas en participar, deben solicitar a súa praza ben a través do mail foro@culturgal.com, ben cubrindo o seguinte formulario:

<http://www.ticketea.com/foro-culturgal-2011>

Estratexias na rede para grupos musicais

Ana Medina, community manager en Herzio.com, desenvolverá un encontro con músicos e profesionais da música. O obxectivo da sesión será entender as claves para desenvolver unha estratexia online efectiva, seleccionando as mellores ferramentas para facilitar o traballo de difusión e monetización para unha banda musical. Esta actividade ten prazas limitadas. As persoas interesadas en participar, deben solicitar a súa praza ben a través do mail foro@culturgal.com, ben cubrindo o seguinte formulario:

<http://www.ticketea.com/foro-culturgal-2011>

13h00

no Garaxe

Aplicacións da Unidade de Realidade Virtual do CIS Ferrol

Situado en Ferrol, o CIS constitúe un instrumento

de singular importancia para o desenvolvemento do tecido empresarial de Galicia. Achégannos a Culturgal unha demostración práctica das múltiples aplicacións que a realidade virtual pode ter para montaxes de estruturas de espectáculos, para escenografía de artes escénicas e música, ademais das numerosas aplicacións en turismo e patrimonio.

14h30

Na Cociña. Xantares de Culturgal

O xantar é seguramente o mellor momento para contrastar ideas e estreitar relacións con outras persoas que comparten esforzos, ilusións, dificultades e obxectivos. É o momento tamén de recuperar forzas ou de charlar ao redor dunha boa mesa. Por iso, Culturgal proponlles ás persoas que participen no Foro que se queden a xantar co resto dos profesionais acreditados.

Ofrecemos un buffet libre e fresco cada día, con variadas opcións de saladas, arroces, peixes e carnes. Todo coa garantía de calidade de Airas Nunes e cun prezo razoable: 11,50€ por persoa e día con bebida, pan, sobremesa e café incluídos. Dentro destes Xantares, Culturgal ofrece ademais a posibilidade de participar en mesas temáticas, pensadas para establecer novas relacións entre profesionais de distintos sectores. As persoas interesadas en participar deben solicitar a súa praza antes do día 25 de novembro cubrindo o seguinte formulario:

<http://www.ticketea.com/foro-culturgal-2011>

16h30

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra

Canles de distribución de contidos: os novos puntos de encontro

Na era de Internet, a conexión co público é directa e inmediata, pero tamén complexa. As fórmulas de acceso aos contidos culturais que ten a cidadanía á

súa disposición evolucionan vertixinosamente e a industria precisa tomarlles o pulso continuamente, para non perder o paso. Canles de acceso en streaming e baixo demanda ou converxencia multisectorial son algunhas das claves que desenvolverán Alfonso Martínez, Paula Cons e Álex Samaranch, a partir das súas experiencias na comercialización de contidos tan diversos como música, libros e banda deseñada ou audiovisual. A conversa estará conducida polo galego Fernando Luaces, responsable de Altafonte, unha distribuidora musical que se sitúa cun pé no pasado e presente da distribución de formatos físicos, e co outro no presente e futuro da distribución de contidos dixitais. Alfonso Martínez, responsable de contidos audiovisuais de R, falará da súa aposta polo servizo de vídeo baixo demanda (VOD), achegando o punto de vista dun operador de cable como R ante as novas canles de distribución de contidos en internet. Paula Cons, directora de contidos da produtora galega Continental, achegará a visión dos titulares de dereitos e presentará o proxecto weecop.tv que, baseándose na filosofía crowdsourcing, propón unha plataforma para desenvolver, producir e comercializar contidos audiovisuais cooperando a través da rede. Dende o sector editorial, o CEO da tenda de cómics dixitais KOOMIC Álex Samaranch defenderá a pertinencia da súa aposta por un nicho especializado, dentro dun terreo onde os grandes almacéns dixitais de apple, google ou amazon parecen chamados a dominar o mercado.

18h00

no Obradoiro

Encontro da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación

Mesa redonda sobre a situación actual da profesión da tradución e da interpretación, na que se analizarán cuestións que preocupan considerablemente ao colectivo de profesionais da tradución e da

interpretación. Entre estas inxerencias está a crise económica e cales son os ámbitos máis afectados, o impacto da política actual das grandes axencias e multinacionais da tradución como a redución de custos ou a aplicación de sistemas de tradución automática, a irrelevancia da calidade do produto final ou o impacto das certificacións de calidade no sector dos traballadores autónomos.

18h30

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra


Saíndo do telón de grelos

Para o peche do Foro Culturalgual quixemos convidar a catro mulleres involucradas en outros tantos proxectos que apostan decididamente por atravesar o noso particular telón de grelos e exportar con éxito producións culturais fóra de Galicia. Eva Mejuto aporta a visión dende OQO, editorial especializada en libro de ilustración que vende as súas excelentes publicacións traducidas a numerosos idiomas, en todo o mundo. E a súa aposta de futuro que é repetir este éxito no eido audiovisual con OQO filmes. Patricia Hermida, da oficina de representación Mare, é mánager de Mercedes Peón, unha das artistas galegas con maior proxección internacional. A súa ampla experiencia serviranos para coñecer o esforzo e as estratexias que existen detrás do éxito dos nosos artistas. Carolina Ramos é licenciada en Arte Dramática pola Universidade de Saint Mary nos Estados Unidos e doutoranda en pedagogía teatral pola Universidade da Coruña. Dende a compañía Katarsis Educación e Teatro apostan por crear un punto de encontro e conexión entre os mundos do teatro e da educación, comprometidos coa creación de alianzas estratéxicas rexionais, estatais e internacionais. A conversa estará conducida por Beatriz Fontán, profesional especializada en marketing e xestión cultural, que nos últimos anos desenvolveu o seu traballo no eido audiovisual e tamén como mánager do grupo musical Berrogüetto.



FORO
CULTURAL

Correo-e: foro@culturalgal.com
Web: www.culturalgal.com
Flickr: <http://www.flickr.com/photos/culturalgal>
Facebook: <http://www.facebook.com/culturalgal>
Twitter: <http://twitter.com/culturalgal>
Vimeo: <http://vimeo.com/culturalgal>



ORGANIZA



PATROCINA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA
DE GALICIA



2011
año de
música
de Galicia